

DATA

03-11-2013

ACTIVIDADE

CANÓN DOS RÍOS CÁRDENA E SEGUNDERA

Distancia: 11 Km.

Dificultade: media.

Desnivel: 600m. aprox.

Ruta: senda sinalizada con balizamento de cor laranxa.

Duración: 4 horas.

LUGAR

Sanabria - Castilla e León

ORGANIZA

Particular

MEMORIA

Este canón toma o seu nome de dous ríos o río Cárdena e o río Segundera. É o val glaciar do Cárdena o que ten un camiño accesible e coidado polo que poder ascender ou descender. Comezamos no poboado da Central Hidroeléctrica de Moncabril, que se encontra nunha desviación á esquerda, antes de chegar a Ribadelago Viejo. Ao chegar á central, tomaremos o camiño marcado por balizas de madeira pintadas de cor laranxa, este camiño sinuoso e empedrado en todo o seu percorrido, ascende entre bosques de carballos, pero a medida que ascendemos encontrámonos con matogueira, o cal nos permitirá considerar o magnífico espectáculo do val do río Tera co Lago de Sanabria como protagonista.

Ao chegar arriba encontrámonos co Pico do Frade. A partir de aquí seguiremos pola pista forestal proveniente de Porto que enlaza co encoro de Veiga de Conde; e encontraremos á nosa dereita, a Lagoa do Payón. Seguindo o percorrido chegaremos a un desvío onde tomaremos o camiño da esquerda que nos conduce ao Encoro de Garandones (1.614 m.). Continuando encontrámonos co Encoro de Cárdena, en fronte, xusto ao outro lado da pista, veremos un sendeiro que será o descenso polo Canón do Cárdena. A senda está marcada por balizas de cor laranxa e terá un pronunciado descenso bastante estreito e pedregoso. O río localizáremolo polo ruído pois a súa canle aparece bordeando unha

espléndida vexetación de ribeira, dominada por bosques de carballos, breixo, vasoiras e fentos.

Esta ruta tamén se podería realizar en sentido contrario, ou ben facendo o ascenso e descenso polo mesmo camiño (subir e baixar polo Canón do Cárdena ou subir e baixar polo Pico do Frade).

Perfil da ruta:



PARTICIPANTES XISTRA

Pilar Del Moral

FOTOS



